



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN CULTURAL LUARADA PARA O DESENVOLVEMENTO DA TRIXÉSIMO PRIMEIRA EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE-OUFF EN 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Cultural Luarada o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da trixésimo primeira edición do Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF en 2026, que se desenvolverá do 25 de setembro ao 4 de outubro de 2026 en diversos espazos da cidade ourensá, ofrecendo un amplo programa conformado polas seccións oficiais competitivas: longametraxes (sección oficial internacional e sección Panorama Galicia) e curtametraxes (sección oficial internacional e sección Panorama Galicia), que compiten polos diferentes premios outorgados polo festival nas diferentes seccións (Oficial internacional e Panorama Galicia), completados cos de carácter honorífico (Calpurnia de honra, Premio especial OUFF, Premio honorífico AISGE e Premio Chano Piñeiro) así como o Premio Especial á Mellor Ópera Prima Nacional e os Premios Faíscas.

Estreas, ciclos, encontros profesionais, OUFF Escola, exposicións, residencia audiovisual Faíscas, sección Xanela para proxectos en construción, sección Colleita con filmes vinculados ao Festival, sección Agarimo para homenaxear a unha figura do cine, as publicacións editadas ao redor do evento e outras iniciativas sumanse á actividade competitiva para completar a programación do OUFF 2026.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O Ourense Film Festival-OUFF é un dos acontecementos máis destacados en Galicia na súa especialidade, con aspiración histórica de significarse como o festival audiovisual por excelencia da comunidade autónoma; un festival que converte a cidade ourensá, durante os días de duración do evento, nunha verdadeira "cidade de cine" na que o público pode gozar de producións cinematográficas non estreadas nos circuitos, de ciclos centrados en actores, directores e cinematografías de prestixio internacional que abrangue numerosas nacionalidades, ao tempo que se erixe como un punto de encontro anual para os profesionais do sector en Galicia.





A Deputación de Ourense cédelle, neste ano, a marca OUFF para a organización do certame na edición de 2026 á Asociación Cultural Luarada coa finalidade de darlle continuidade e estabilidade a un evento considerado o máis antigo de carácter internacional que se celebra en Galicia, cun selo diferencial que traspasa as propias fronteiras; un certame polo que pasaron, ao longo das 30 edicións celebradas, máis de 140 países dos cinco continentes e os máis destacados profesionais do eido audiovisual e durante o que se levaron a cabo numerosas mesas redondas, mercados, master class, encontros, conferencias, presentacións e cursos que foron convertendo o OUFF nun referente na promoción do cine español e, de forma destacada, do cine galego. Neste sentido, cómpre subliñar a decidida aposta do certame polo audiovisual galego, ao que sempre lle concedeu un gran protagonismo, servindo de grande escaparate e punto de encontro, xa dende as súas primeiras edicións, para a industria cinematográfica galega, sempre cun apartado propio no que se expoñen os traballos de produción ou coprodución galega en todos os formatos cinematográficos (longametraxes, animación, documental, curtametraxe, tvmovie...) e que se completan coa presentación de proxectos e rodaxes relacionadas con Galicia, ademais de contar coa presenza dos colectivos e as asociacións máis representativas do sector audiovisual galego.

A Agadic considera esencial a colaboración neste evento, que destaca pola súa firme aposta polo audiovisual galego e polo seu continuo esforzo en contar con ampla participación nacional e internacional. O esforzo no fomento dun sector como o audiovisual que leva a cabo a través da organización deste evento, coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria audiovisual que a Agadic realiza, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Tendo en conta o carácter específico da actuación, e a súa inclusión nas directrices estratéxicas da Agadic, así como a posesión da marca OUFF por parte da Asociación Cultural Luarada para a organización da trixésimo primeira edición do Festival Internacional de Cine de Ourense, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta

Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

